"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0486 [Resolución cambio de domicilio dentro do
municipio M.N]";"27/09/21 10:57";"SIA 1497631 -- Expediente 895/2021 --
Solicitud de cambio de domicilio dentro do municipio





Concello de Meaño

--";"895/2021";"Padrón Municipal de Habitantes";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0484 [RESOLUCION LISTA DEFINITIVA
OBOE]";"27/09/21 10:57";"SIA 1490796 -- 500 AEDL -- Expediente 734/2019 --
Múltiples interesados -- BOLSA DE EMPREGO PROFESORES ESCOLA DE MUSICA --
LISTA PROVISIONAL, CONSTITUCION TRIBUNAL E DATA 1º
EXERCIZO";"734/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de
Postos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0483 [RESOLUCION DA ALCALDIA LISTA DEF
FISIO]";"27/09/21 10:57";"SIA 1490796 -- 230 Personal -- Expediente
753/2021 -- Múltiples interesados -- BOLSA FISIOTERAPEUTA E MONITOR
ACTIVIDADES DEPORTIVAS -- LISTA PROVISIONAL, CONSTITUCION TRIBUNAL E DATA
1º EXERCIZO";"753/2021";"Seleccións de Persoal e Provisións de
Postos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0482 [RESOLUCION LISTA DEFINITIVA E DATA 1º
EXERCIZO BOLSA MONITOR]";"27/09/21 10:57";"SIA 1490796 -- 230 Personal --
Expediente 753/2021 -- Múltiples interesados -- BOLSA FISIOTERAPEUTA E
MONITOR ACTIVIDADES DEPORTIVAS -- LISTA PROVISIONAL, CONSTITUCION TRIBUNAL
E DATA 1º EXERCIZO";"753/2021";"Seleccións de Persoal e Provisións de
Postos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0480 [Resolución Alta no Padron Municipal de
Habitantes M.S.O]";"27/09/21 10:57";"SIA 1497631 -- Expediente 908/2021 --
Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"908/2021";"Padrón
Municipal de Habitantes";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0481 [Resolución Alta no Padrón Municipal de
Habitantes J.M.R]";"27/09/21 10:57";"SIA 1497631 -- Expediente 908/2021 --
Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"908/2021";"Padrón
Municipal de Habitantes";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0479 [Resolución Alta no Padrón Municipal de
Habitantes S.R.S]";"27/09/21 10:57";"SIA 1497631 -- Expediente 908/2021 --
Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"908/2021";"Padrón
Municipal de Habitantes";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0477 [Resolución Alta no Padron Municipal de
Habitantes N.R.S]";"27/09/21 10:57";"SIA 1497631 -- Expediente 908/2021 --
Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"908/2021";"Padrón
Municipal de Habitantes";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0478 [Resolución Alta no Padrón Municipal de
Habitantes S.R.S]";"27/09/21 10:57";"SIA 1497631 -- Expediente 908/2021 --
Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"908/2021";"Padrón
Municipal de Habitantes";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0476 [Resolución Alta no Padrón Municipal de
Habitantes B.J.B.M]";"27/09/21 10:57";"SIA 1497631 -- Expediente 909/2021
-- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes
--";"909/2021";"Padrón Municipal de Habitantes";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0475 [Resolución cambio de domicilio dentro do
municipio]";"27/09/21 10:57";"SIA 1497615 -- Expediente 913/2021 --
Solicitud de cambio de domicilio dentro do municipio
--";"913/2021";"Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de
Datos)";"subscricións completa"

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía neste período; sinalando que se atopan a disposición do membros do Pleno na secretaria-intervención e as que afecten a datos persoais deberán solicitar expresamente o acceso as mesmas para proporcionarlle acceso nos termos que determina a lexislación de protección de datos.

ASUNTOS NON COMPRENDIDOS NO ORDO DO DÍA.





Concello de Meaño

Anúnciase o punto de rogos e preguntas, solicitando a palabra a voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, a Sra. García Piñeiro, quen manifesta que desexan someter á consideración do Pleno da Corporación ás seguintes mocións, pasando a dar lectura das mesmas o Sr. Radío Oubiña:

- MOCIÓN, REFERIDA Á DEFENSA DOS SERVIZOS DE PEDIATRÍA E ATENCIÓN PRIMARIA DO CONCELLO DE MEAÑO.

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Meaño, a través da súa voceira Ana Belén García Piñeiro, e ao abeiro do disposto na normativa aplicable, eleva ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN, REFERIDA Á DEFENSA DOS SERVIZOS DE PEDIATRÍA E ATENCIÓN PRIMARIA DO CONCELLO DE MEAÑO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A crise sanitaria xerada polo COVID-19 deixou en evidencia, unha vez máis, a precariedade na que se atopa a sanidade galega, con escaseza de profesionais e inestabilidade laboral. Exemplos disto, son os problemas para cubrir baixas ou vacacións en diferentes especialidades, coma pediatría ou atención primaria, así coma enfermeiras e enfermeiros que asinan contratos con duración dun día.

En plena crisis pola COVID-19 a administración, pechou os centros de saúde e limitou o acceso aos mesmos, substituíndo a consulta presencial pola telefónica e reduciuse o aforo das salas de espera obrigando aos pacientes a facer cola fóra dos centros para recibir atención.

Durante o estado da alarma sanitaria a Atención Primaria demostrou a importancia de dispoñer dun nivel asistencial universal, gratuíto e de proximidade coa poboación. Nos meses máis duros do confinamento a Atención Primaria identificou contaxios e contactos, realizou o seguimento das persoas infectadas nos seus domicilios, atendeu e resolveu o resto das patoloxías e as dúbidas e temores da cidadanía.

No noso concello coñecemos e padecemos, de primeira man, os problemas de falta de persoal sanitario. Fai case dous anos, a nosa Agrupación presentou neste mesmo Pleno unha moción referida á situación do servizo do Centro Médico de Dena, cando a Consellería de Sanidade decidía non cubrir a ausencia da titular da praza e sobrecargar de traballo aos facultativos do Centro Médico de Meaño.

En reiteradas ocasións, desde fai anos, a nosa Agrupación denunciou a falta de pediatra, ao tomar, a Consellería de Sanidade, a decisión de non cubrir a vacante polas vacacións da titular ou as súas baixas por enfermidade, chegando, o PSdeG-PSOE, a preguntar sobre este asunto no Parlamento de Galicia. Resulta evidente que nin polo máis remoto se plantexa, dita Consellería, establecer un servizo de Pediatría diario no noso concello.

O 31 de xaneiro do ano 2020, trouxemos a este Pleno unha moción de urxencia en defensa da sanidade galega, demandada desde o propio sector. É necesaria a entrada de novos profesionais nas listas de emprego e, para iso, son imprescindibles contratos con condicións dignas, que favorezan a estabilidade laboral; haxa maior dotación de ambulancias medicalizadas; se dote de maior número de recursos aos Puntos de Atención Continuada (PAC) e á atención dos servizos de urxencias; etc.

No verán do ano pasado, a Consellería decidiu enviar aos pacientes de Meaño e Meis ao Centro Médico-PAC de Baltar-Portonovo, situación da que viñamos avisando desde comezos de 2019, momento no que coñecemos os plans da Xunta de Galicia, para unificar o servizo de Pediatría no referido Centro Médico, chegando a preguntar sobre dito plan ao anterior grupo de goberno.





Concello de Meaño

Ademais disto, no noso concello, sufrimos a falta de médicos substitutos, cando enferma ou dispón de vacacións, algún dos tres titulares cos que contamos, chegando a darse o caso de non dispor de ningún médico nos nosos centros de saúde ou dun mesmo médico atender pacientes doutro centro.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal PSdeG-PSOE proponlle ao Pleno do Concello de Meaño, para o seu debate e adopción, se procede, os seguintes

ACORDOS


- Instar á Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade e á Estrutura Organizada de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra para a restablecer o servizo de Pediatría no Centro Médico de Dena.
- Instar á Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade e á Estrutura Organizada de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra para dotar de médicos de atención primaria as prazas do Centro de Saúde de Meaño e do Centro de Saúde de Dena.
- Instar á Consellería de Sanidade a implantar de inmediato as consultas presenciais para todas as persoas que o demanden. Limitar as consultas telefónicas ou telemáticas a unha actividade asistencial complementaria (receitas, baixas, resultados, etc.) que non discrimine ás persoas maiores con dificultades para dispoñer e manexar as novas tecnoloxías.
- Instar á Consellería de Sanidade, a contratar e acabar ca precariedade laboral do persoal, aplicando un “Plan de Mellora da Atención Primaria” que redimensione os equipos multidisciplinares para dar cobertura ás necesidades de saúde da poboación.
- Instar á Xunta de Galicia, a incrementar de maneira urxente o presuposto sanitario, destinado a Atención Primaria.

En Meaño, a 20 de novembro do 2021”

Despois da súa presentación e ao tratarse dun asunto que excede da competencia municipal o acordo a adoptar polo Pleno, como máximo órgano de representación, será o de toma de posición e de formulación das solicitudes plantexadas, pasando a ser tratado segundo establece establece o artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; polo que sometida a urxencia da moción a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos trece membros ratifica a procedencia do seu debate.

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda:

- Instar á Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade e á Estrutura Organizada de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra para a restablecer o servizo de Pediatría no Centro Médico de Dena.
- Instar á Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade e á Estrutura Organizada de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra para dotar de médicos de atención primaria as prazas do Centro de Saúde de Meaño e do Centro de Saúde de Dena.
- Instar á Consellería de Sanidade a implantar de inmediato as consultas presenciais para todas as persoas que o demanden. Limitar as consultas telefónicas ou telemáticas a unha actividade asistencial complementaria (receitas, baixas, resultados, etc.) que non discrimine ás persoas maiores con dificultades para dispoñer e manexar as novas





Concello de Meaño

tecnoloxías.

- Instar á Consellería de Sanidade, a contratar e acabar coa precariedade laboral do persoal, aplicando un “Plan de Mellora da Atención Primaria” que redimensione os equipos multidisciplinares para dar cobertura ás necesidades de saúde da poboación.
- Instar á Xunta de Galicia, a incrementar de maneira urxente o presuposto sanitario, destinado a Atención Primaria.

- MOCIÓN, CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Meaño, a través da súa voceira Ana Belén García Piñeiro, e ao abeiro do disposto na normativa aplicable, eleva ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN, CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada 25 de novembro, o grupo municipal socialista súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres. Compartimos a dor de tantas mulleres que sofren violencia, das súas fillas e fillos, nais, pais, familiares e amizades. A elas diriximos todo o noso apoio e o noso compromiso de non deixar de avanzar ata erradicar da nosa sociedade a violencia machista.

Desde 2003 foron asasinadas no Estado 1.117 mulleres e 44 nenas e nenos. Desde 2019 interpuxéronse 1.743.680 denuncias por violencia de xénero e 452.095 ordes de protección. 652.795 mulleres recibiron o apoio dos Corpos e Forzas de Seguridade a través do Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero VIOGEN. Segundo os datos da Macroenquisa de violencia contra a muller, o 34,2% das mulleres de todo o Estado sufriron violencia por parte das súas parellas ou exparellas e o 47,2% non denunciou nin empregou os servizos públicos de axuda, e en moita maior medida no caso de mulleres novas.

En Galicia, **cada día se incoan nos xulgados 17 novos procedementos penais por violencia contra a muller**. Estes xulgados recibiron no segundo trimestre deste ano 1.649 denuncias por violencia machista, un 10,4 % máis que no mesmo período do ano pasado. Tamén con respecto a 2020 existiu un incremento do 9,6% no número de mulleres que son recoñecidas como vítimas, sendo a 30 de xuño de 2021 un total de 1.636. O primeiro Informe sobre a Violencia contra a Muller 2015-2019 apunta ademais que cerca da metade das infraccións penais cometidas contra mulleres en Galicia responden a violencia psíquica, a máis invisible das violencias machistas.

Non podemos resignarnos a que se asuma como normalidade a traxedia dolorosamente cotiá da violencia machista porque non é un destino escrito en pedra senón o resultado, tal e como sinala Nacións Unidas, “dunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes que persiste como unha crise silenciosa”.





Concello de Meaño

Co Real Decreto-lei de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero abordáronse os cambios legislativos necesarios para ampliar a protección das vítimas e as súas fillas e fillos, e durante a crise da COVID-19 puxéronse a disposición das administracións os fondos para previr e combater a violencia de xénero. Tamén a igualdade é un dos catro eixos principais do 'Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia' que lidera o Goberno de España e a loita contra a violencia machista terá un papel prioritario neste proceso.


O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cumprirá a súa vixencia o próximo ano e consideramos que é o momento de coñecer o seu impacto, de avaliar, renovar e actualizar o compromiso contra a violencia machista, volvendo sumar o maior consenso posible para que a violencia de xénero siga a ser unha cuestión de Estado, que atinxe a todos os partidos políticos. É o momento de mellorar a coordinación das diferentes administracións na loita contra a violencia de xénero, así como dotar esta tarefa co financiamento axeitado a través das Comunidades Autónomas e concellos, pero tamén a través das organizacións feministas da sociedade civil.

O Partido Socialista desexa unha sociedade onde as mulleres e as nenas non sexan prostituídas, nas que os corpos de mulleres e nenas non sexan obxectos de consumo. O noso modelo de sociedade é un no que homes e mulleres son iguais e libres e esa idea é incompatible coa prostitución e a trata de seres humanos.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal PSdeG-PSOE proponlle ao Pleno do Concello de Meaño, para o seu debate e adopción, se procede, os seguintes

ACORDOS

1. Ratificar o compromiso firme do Concello de Meaño cos dereitos das mulleres, a erradicación de calquera tipo de violencia machista e combater calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia de xénero ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.
2. Impulsar e/ou reforzar as medidas contidas na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero no marco das competencias locais, así como o seu seguimento.
3. Instar ao Goberno de España á actualización e renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Cortes Xerais para buscar o maior consenso político e social e á mellora da coordinación institucional para garantir que os Fondos do Pacto se implementen da maneira máis óptima.
4. Dotar dos recursos económicos necesarios e axentes especializados os instrumentos de loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.





Concello de Meaño

5. Impulsar no marco das competencias locais que as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución.
6. Instar ao Goberno de España a impulsar un marco normativo orientado á abolición da prostitución.
7. Colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.

En Meaño, a 20 de novembro do 2021”

Despois da súa presentación e ao tratarse dun asunto que excede da competencia municipal o acordo a adoptar polo Pleno, como máximo órgano de representación, será o da toma de posición e de formulación das solicitudes plantexada, pasando a ser tratado segundo establece establece o artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; polo que sometida a urxencia da moción a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos trece membros ratifica a procedencia do seu debate.

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1. Ratificar o compromiso firme do Concello de Meaño cos dereitos das mulleres, a erradicación de calquera tipo de violencia machista e combater calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia de xénero ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.
2. Impulsar e/ou reforzar as medidas contidas na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero no marco das competencias locais, así como o seu seguimento.
3. Instar ao Goberno de España á actualización e renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Cortes Xerais para buscar o maior consenso político e social e á mellora da coordinación institucional para garantir que os Fondos do Pacto se implementen da maneira máis óptima.
4. Dotar dos recursos económicos necesarios e axentes especializados os instrumentos de loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.
5. Impulsar no marco das competencias locais que as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución.
6. Instar ao Goberno de España a impulsar un marco normativo orientado á abolición da prostitución.





Concello de Meaño

7. Colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.

C) Rogos e preguntas

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* D. Manuel Radío Oubiña, concelleiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, anunciou os seguinte rogos e rogos e preguntas por escrito, (Entrada de data 25/11/2021, n.º 2021-E-RE-1591):

Rogos:

- “AO GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE MEAÑO

ROGO do Grupo Municipal Socialista no Concello de Meaño, a través da súa voceira Ana Belén García Piñeiro, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

A convención das Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade (BOE 21/04/2008), ratificada polo Estado español, establece o compromiso de promover, protexer e asegurar o pleno disfrute dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais en condicións de igualdade por parte das persoas con mobilidade reducida e de promover o respecto á súa dignidade inherente. As administracións públicas deben defender e garantir os dereitos das persoas con mobilidade reducida en tódolos ámbitos da vida, como a educación, a saúde, o traballo, a cultura, o ocio e a participación social e económica, entre outras, e para todo isto, a accesibilidade considérase un elemento transversal.

Pode parecer que as administración locais teña poucas competencias sobre esta materia, pero así o é, posto que a Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade recolle as actuacións que teñen que levar a cabo as administracións públicas, como a municipal, en materia da regularización dos accesos ás instalacións públicas.

O concello de Meaño conta con instalacións públicas en todo o termo municipal e non todas estas están cumprindo coa citada lei. Exemplo disto son a Casa de Cultura de Cobas, situada nunha primeira planta que solo ten acceso a través de escaleiras, de feito, na xornada electoral, os membros da mesa teñen que saír coa furna para que os veciños con mobilidade reducida poidan exercer o dereito constitucional de voto ou o acceso á planta superior de Mercadena.

No Xulgado de Paz, sito en Meaño, para poder entrar, hai que sortear un paso. O mesmo caso pasa coa entrada da Casa de Cultura de Simes, aínda que a beirarrúa ten acceso para persoas usuarias de cadeira de rodas. A Casa de Cultura de Lores é máis accesible, pero aínda así, é moi susceptible de mellora.

Se nos fixamos nas instalacións deportivas, o pavillón de Dena, pese a ter acceso para persoas con mobilidade reducida, éstas non poden acceder ás gradas, nin teñen un espazo reservado para a mellor visibilidade.

Polo que formulamos o seguinte,

ROGO: Que por parte desta Alcaldía se realicen as xestións pertinentes para cumprir coa Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade en todas as instalacións municipais.

En Meaño, a 24 de novembro do 2021

Asdo. Ana Belén García Piñeiro Voceira do Grupo Municipal Socialista”





Concello de Meaño

- “AO GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE MEAÑO

ROGO do Grupo Municipal Socialista no Concello de Meaño, a través da súa voceira Dona Ana Belén García Piñeiro, ao abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

No Pleno celebrado o 11 de xuño do 2018, o Grupo de Goberno, comprometéase a actualizar o **Regulamento das instalacións deportivas municipais**, que nestes momentos tan só reflexa os pavillóns de Dena e Meaño. No actual regulamento non se teñen en conta as restantes pistas deportivas, como o pavillón de Xil, a pista de pádel, a piscina municipal e as pistas deportivas ao aire libre de Dena, Simes, Cobas, Padrenda, Xil e Lores.

Así mesmo, ao longo da lexislatura pasada, aprobáronse propostas da nosa Agrupación coma:

- Pleno do 13 de outubro do 2015, aprobouse por unanimidade instar á Xunta de Galicia a realizar a **limpeza da Ría de Arousa**. No mesmo pleno, aprobouse instar á Mancomunidade do Salnés á redacción de un **Plan Turístico** para Meaño.
- Pleno do 27 de abril do 2017, aprobouse pola unanimidade dos membros da Corporación, a creación de un regulamento de explotación do **Punto Limpo** do concello de Meaño.
- Pleno do 14 de agosto do 2017, apróbbase por unanimidade a creación de unha ordenanza para regular a **tenencia e protección de animais de compañía**.
- Pleno do 13 de agosto do 2018, aprobouse por unanimidade a **modificación da Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal** con mesas, cadeiras, tribunas, taboadas e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, así como a **instalación de pictogramas** nos edificios públicos do concello.
- Pleno do 10 de decembro do 2018, apróbbase por unanimidade instar ás empresas propietarias dos **postes da luz e telefónicos** a súa retirada, así como estudar a posibilidade de imporlles sancións económicas non atender ao requerimento do Concello. No mesmo pleno, tamén se aprobou a creación dun **regulamento de participación cidadá**.
- Pleno do 11 de febreiro do 2019, apróbbase por unanimidade a creación de unha ordenanza de protección contra a contaminación acústica.

Despois das eleccións de 2019, no Pleno do 26 de xullo, a Agrupación Socialista de Meaño, presentou un rogo, recordando todos estes acordos Plenarios e solicitando o seu cumprimento. Naquel Pleno, respostóusenos que levaba un tempo cumplilos. Pasaron 2 anos e seguen sen cumprirse, xa sexa por inacción de quen goberna ou por deixar pasar o tempo sen rematalos.

Polo que volvemos reformular o seguinte,

ROGO: Que por parte desta Alcaldía se fagan todos os trámites necesarios para cumprir os acordos plenarios, tal e como establece a Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réximen Local, no seu artigo 21.r), onde dispón que o Alcalde é o presidente da Corporación e ostenta a atribución de ordear a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.

En Meaño, a 25 de novembro de 2021

Asdo. Ana Belén García Piñeiro. Voceira do Grupo Municipal Socialista.”

1- ROGOS PSOE

1- Nos últimos meses, leváronse a cabo reparacións en distintas fachadas de edificacións,





Concello de Meaño

algunhas delas en vías de alta densidade de tráfico. En máis dunha ocasión, estas obras careceron da debida protección para garantir a circulación segura e axeitada para os peóns, véndose obrigados a circular entre os vehículos estacionados e os vehículos en movemento, que circulaban pola estrada.

Cremos importante maior control, vixianza e responsabilidade á hora de autorizar e realizar este tipo de tarefas, para garantir, por unha parte, a boa convivencia e, por outra, a seguridade física da nosa veciñanza.

2- O noso concello conta con edificacións pouco aproveitadas. Desde o noso punto de vista, o edificio de Mercadena é un deles na súa planta superior. Igual que outros concellos lle dan vida, utilizándoos coma lugares de exposición, cremos que, dado o seu lugar estratéxico, o número de visitantes que recibe, as dificultades de mobilidade dunha poboación envellecida, etc, dar cabida a distintas exposicións na planta superior pode ser enriquecedor culturalmente, así como servir de motor que fomente o consumo no pequeno comercio local.


3- Entre as 8:30 e 9:10 da mañá, de luns a venres, acceder á Rúa Nova, desde a Rúa de Galicia, é caótico e perigoso, sen que ninguén tome medidas, a pesares de denunciar a situación unha e outra vez. Vehículos aparcados a ambos lados da estrada, incluso en liña amarela; vehículos saíndo do colexio; camións circulando de empresas próximas; vehículos entrando á Rúa Nova; outros tratando de facer cambios de sentido; peóns cara ao colexio... Cantas peticións nese sentido son necesarias para que nos faga caso?

4- Do abandono da páxina web falamos en numerosas ocasións. Esta vez, ademais, queremos chamar a atención sobre a estrutura pouco operativa que ten, obrigando aos cidadáns a facer buscas lentas, atopando os expedientes que lles afectan debaixo dos novos que foron entrando e escondendo aos máis antigos, aínda que estes últimos contén con documentación nova. Son precisos maior orden e claridade.

5- No Pleno pasado, a preguntas desta Agrupación, explicou que non ían seguir actuando en saídas de garaxes, máis alá do Navaliño 5, salvo que o solicitase a veciñanza. Cremos que todas e todos coñecemos lugares nos que, debido aos problemas para aparcar e tamén á comodidade das persoas, todo hai que dicilo, é perigosa a incorporación á vía.

A esta Agrupación parécelle que os tempos escuros, nos que se lle debía vasallaxe a quen gobernaba, xa pasaron e mellor deixalos no pasado. Quen governa que o faga para toda a veciñanza, sen contraprestacións, para mellorar a vida no noso pobo, non para pagar e deber favores, e iso soamente se logra se quen governa actúa de oficio. Mellor que non volva o caciquismo.

6- A pista que vai dende o Río da Vila a Galiñáns (paralela a PO-303), está en moi mal





Concello de Meaño

estado con moitos baches. Solicitamos o seu arranxo o antes posible.

7- Na subida a Seixomil, non hai ningún tipo de iluminación. É complicado localizar a entrada do desvío e hai que facer toda a subida as escuras.

8- Na pasada comisión de servizos sociais, onde se tratou o punto da natalidade, vímonos obrigados a votar en contra das bases. Como explicamos nesa comisión, e xa na do ano anterior, estas axudas non poden quedar a libre elección de quen governe nese momento. Como dixemos anteriormente o caciquismo non debe volver. Desde aquí volvemos a insistir na necesidade de crear una ordenanza para fomentar de verdade o aumento da poboación a través da natalidade.

9- Parécenos ben que se reconvertira unha partida de carácter social, como eran as axudas para o transporte, noutra, neste caso adicada a masters. Pensamos que son unhas bases moi mellorables ás que se nos presentaron. Foron feitas á prisa e correndo, con datos copiados e pegados doutras páxinas. Esperamos que no futuro traballen para mellorar todo isto porque non é lóxico que unha familia non poida superar os 8.000 € renda per capita para ter acceso a estas axudas, tendo en conta o caro que son os masters.

10- No tocante ás axudas a material e equipamento escolar, como dixemos na comisión, parécenos que as bases son moi excluíntes (de feito, parte delas quedan sen asignar), que as cantidades outorgadas son moi baixas (entre 60 e 90 €) con desigualdades entre renda per capita (reciben a mesma cantidade quen ten 2.170 € que quen ten 342 €). Parecen máis un “queda ben” que un recurso útil e necesario. Modifiquen esa partida, actualicen as bases.

11- No que respecta ao programa das subvencións do Concello de Meaño, como dixemos na comisión de contas, cremos necesario incluír unha cláusula nas bases que permitan repartir as partidas que quedan sin utilizar entre as peticións que non consiguen asignación ou nas que non se cubren a totalidade do solicitado. Hai que seguir traballando nas melloras das bases con respecto aos clubs deportivos.

12- Na pasada lexislatura, levamos a pleno, una moción para solicitar a actualización e regularización da Ordenanza de Terrazas. Naquel momento había locais de hostelería aos que se lle recomentaba non montar terrazas debido ao estado no que se encontraba dita ordenanza (estaba en pesetas) e non se axustaba á realidade. Nese momento comprometéronse a modificala, pero actualmente segue no aire. Favorezamos o traballo da hostaleiros e comerciantes. Evitemos futuros conflitos veciñais.

2. PREGUNTAS PSOE.

1- En canto ás obras que solicitan empresas ou particulares no noso Concello, quen revisa se





Concello de Meaño

se ocasionaron danos na vía pública, beirarrúas...?

Actúase de oficio ou espérase a denuncias cidadás?

En que prazo se fai a revisión da existencia ou non de danos?

Faise unha revisión ou reportaxe fotográfica antes de dar comezo ás obras?

2- Nas resolucións da Alcaldía falábase de contratar unha empresa para o alumeado de Nadal. Onde se vai colocar? Cando vai acender? En que horario?

3- Existen rumores sobre a recolocación dun empregado membro do persoal laboral como supervisor. Son certos? De selo:

Van crear unha praza nova?

Como se xustifica dita creación?

Está incluída na RPT?

Sairá a público? De promoción interna?

4- Vimos que se convocou unha Mesa Xeral de Negociación o 15 de outubro de 2021 para tratar o organigrama e a relación de postos de traballo. En que situación se atopa? Chegouse finalmente a un acordo?

5- En que consiste o Convenio que mantén o noso concello coa APLU?

6- Nas resolucións da alcaldía, aparece unha con relación á contratación da obra “Ensanche tramo Camiño Souto”, xa hai empresa adxudicada. ¿Sabese cando se van a empezar as obras?

7- Nas redes sociais do Concello de Meaño, colgaron unha fotografía anunciando o ensanche da pista da Barroca. Na propia fotografía apreciase un socavon con pedras sinalizado cuns paus e unhas cintas. ¿Arreglaron ese socavón?

No caso de que a resposta sexa negativa, a empresa que fixo a obra marcou un prazo para arreglalo? Tense en mente contratar outras empresas para solucionar o problema?

Recorden que ese tramo nos ten luz, ¿como se garantiza a seguridade dos usuarios que utilizan a pista?

8- No Pleno de setembro dixo que na semana seguinte ao mesmo, tiñan que tomar unha decisión con respecto á carretera de Abuín. Alí segue todo igual, soportando un tráfico e unha velocidade superiores ás axeitadas para a vía. Cal foi a decisión que tomaron? Cal é a escusa que nos van a contar hoxe? Que pensan facer?

9- Despois de diversos rogos e preguntas, sobre a mellora do acceso ao centro de saúde, centro polivalente e ao Colexio As Covas, ¿poden decirnos cando van a facelo? Ou vai a ser unha promesa electoral?

10- Que pasou co Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da





Concello de Meaño

Actividade Física e do Deporte de Galicia? Que problemas houbo? Xa está solucionado?

Por que a Ximnasia terapeutica ainda non comenezou? ¿Cando comenza?

11- Pódense usar as papeleiras da praza do Concello? Algunhas están sen bolsa e outras, máis cerca da casa da música, si teñen. Nunhas si se poden e noutras non? Unhas son de plástico e outras son de orgánico? Entendemos que se está a levar esa reciclaxe tan publicitada por vostede nos plenos.

12- A que se deben as costas e intereses da execución de títulos xudiciais para o Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra de 605,00 € e a do Xulgado do Social nº 3 de 550,002 €?

13- Para que foron requeridos os servizos de JyA Garrigues SL cunha factura de 1.536,70 €?

14- En repetidas ocasións, nas sesións plenarias, leuse o seguinte:

Proposición: "es la propuesta que se somete al Pleno relativa a un asunto incluído en el orden del día, que acompaña a la convocatoria... Contendrá una parte expositiva o justificación y un acordos, asimismo, a adoptar".

Moción: "es la propuesta que se somete directamente al Pleno...Podrá formularse por escrito oralmente".

Ata en 2 ocasións se nos desbotou unha moción presentada nos últimos tres Plenos, afirmando que, en realidade, era unha proposición. Vendo os últimos acontecementos, precisamos que alguén con capacidade nos explique cales son as diferencias, máis alá de ler frases dun Real Decreto.

En que consiste un e outro procedemento?


Cales son os pasos a seguir?

Que implicacións teñen para a cuestión que se plantexa nelas? E para o Pleno?

* D. José Manuel Ásperez Montes, voceiro do Grupo Municipal Veciñal Meaño Independiente anunciou por escrito as seguintes preguntas (Entrada de data 25/11/2021, n.º 2021-E-RE-1593):

1.- CAL É O SALDO DE REMANENTE DE TESOURERÍA A DÍA DE HOXE E CAL ERA A DÍA 31 DE DECEMBRO DE 2019 E 31 DE DECEMBRO DE 2020?

2.-É COÑECEDOR DE COMO VAI QUEDAR E CANTOS FACULTATIVOS HABERÁ NO CENTRO MÉDICO DE MEAÑO?





Concello de Meaño

3.-ROGARÍAMOS SE FIXESEN UNHA NOVAS ANALÍTICAS DAS FONTES DE TODAS AS PARROQUIAS, E SE OS RESULTADOS SEGUEN A SER TAN MALOS SE PROCEDA A UN ESTUDO E VALORACIÓN DAS CAUSAS PARA ACTUAR DE INMEDIATO. PENSA FACELO?

4.-CALES SON E ONDE SE COLOCARON OS 228 PICTOGRAMAS POR VALOR DE 413, 82 €?

5.-ESTANSE A PRESTAR SERVIZO POLO CONCELLO (SAF) DE TODAS AS HORAS QUE TEÑEN RECOÑECIDAS POLA XUNTA OS USUARIOS DE DEPENDENCIA?
HAI USUARIOS QUE NON SE LLE PRESTEN A TOTALIDADE DAS HORAS RECOÑECIDAS POLA XUNTA?

6.-É POSIBLE QUE UN TRABALLADOR CONTRATADO COMO PEÓN FORESTAL CONDUZA O CAMIÓN DE LIXO ¿ESTABAN CONTEMPLADAS ESAS FUNCIÓNS NOS SEUS COMETIDOS? QUEN É O RESPONSABLE DA ORDE DE TRABALLO PARA ESTA FUNCIÓN CONCRETA?

7.- CAL É O PRCEDEMENTO ORDINARIO PO-470/2019 POLO QUE PAGAMOS NOVAMENTE OUTROS 1.536,70 €. E O NÚMERO PO-237/2019 ONDE TAMÉN VOLVEMOS A PAGAR?

8.-TRAS A ADVERTENCIA DUN BUFETE DE AVOGADOS QUE NOS REPRESENTA, DA POSIBILIDDE DUNHA RECLAMACIÓN POR PARTE DUN VECIÑO DE MÁIS DE 22.000€ POR NON EXECUTAR UNHA SENTENZA, LEVOUSE A CABO ESTA RECLAMACIÓN?

9.-HOUBO DENUNCIAS DE TRABALLADORAS OU TRABALLADORES DO CONCELLO NO PRESENTE AÑO 2021? FORON RECURRIDAS POR VOSTEDE COMO PRESIDENTE DO CONCELLO? A QUÉ INSTANCIA XUDICIAL?

10- A QUÉ CORRESPONDEN OS PROCEDEMENTOS POLOS QUE SE PAGARON NO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 E Nº3 DE PONTEVEDRA UN IMPORTE DE 605,00 EUROS DE COSTAS E DE INTERESES, E NOUTRO 550 € TAMÉN DE COSTAS?

11.-CAL FOI O IMPORTE DA LIMPEZA DA PISTA DO PAVILLÓN DE COIRÓN-DENA PREVIA Á CELEBRACIÓN DA FASE DE ASCENSO DO CLUBE ASMUBAL E QUE EMPRESA A FIXO?

12.-A QUÉ CORRESPONDE O PAGO DE 828,85 € A EDICIONES DEL LEREZ SL, (ONDE DI GUÍA TURISMO G8 E VIDEO), SEGÚN FACTURA DE 31/07/21 E A DO 31/07/2020 POR IMPORTE DE 955,90 € Á MESMA EMPRESA?

13.-A QUÉ ENSANCHE EN PADRENDA SE REFIRE A FACTURA PAGADA POR IMPORTE DE 1.466,52€?

14.-O PAVILLÓN DE XIL SEGUIRÁ SENDO UN LUGAR DE ENSAIO PARA A BUMM? NO CASO DE QUE NON VOLVAN ENSAIR ALÍ VAISE DESMANTELAR O INSTALADO? ESTAMOS A PAGAR ALGUNHA FACTURA POR ESTE CONCEPTO DENDE O MES DE XUÑO?

15.-PARECE QUE AÍNDA TEN PREVISTO O PECHE DO PALCO PARA LOCAL DE ENSAIO DA BANDA. É NECESARIO UNHA MODIFICACIÓN DO PXOM, TAL E COMO DIXO NUN





Concello de Meaño

PLENO ANTERIOR?

16.- AS FACTURAS DE CHANTRERO FEJOO POR IMPORTE DE 2.442,99 € E DE 448,91 € DOS DIAS 01/09 E 31/08 RESPECTIVAMENTE, A QUE OBRA OU TRABALLOS CORRESPONDEN

17.- FIXO ALGUNHA NOVA XESTIÓN CO ALCALDE DO CONCELLO DE SANXENXO Ó RESPECTO DE EVITAR OS VERQUIDOS DO POLÍGONO DE NANTES, TAL E COMO SE APROBOU NA MOCIÓN DE NOVEMBRO DO ANO PASADO?

18.-QUE AVANCES HAI NA IDENTIFICACIÓN DOS RESPONSABLES DO VERQUIDO DE AMIANTO E COMO SE ACTUOU PARA A SÚA RETIRADA SI XA FORON RETIRADOS?

19.-CANDO PENSA POÑER EN FUNCIONAMENTO O BANCO DE ALIMENTOS?

20.- PEDIMOS SEXA RETIRADO O CABLE DE PADRENDA QUE INVADÉ A CALZADA CO PERIGO QUE ISTO SUPÓN. TEN FEITO ALGUNHA XESTIÓN PARA RETIRALO? E O QUE HAI NO LUGAR DE VALDAMOR?

21.- TEN PENSADO ADECUAR A NOVA PONTE DOS PASALES FACÉNDOA MÁIS SEGURA PARA OS VIANDANTES?

22.-RESPECTO DO PROCESO DE SELECTIVO CONVOCADO PARA A FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE MONITOR/A DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, COMO É POSIBLE QUE SEXA REQUISITO O CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE A PESARES DE QUE OS ASPIRANTES APORTEN TITULACIÓN SUPERIOR COMO POR EXEMPLO TAFAD?


COMO É POSIBLE QUE SE PIDAN TITULACIÓNS EQUIVALENTES NON REGLADAS E DE CATEGORÍA INFERIOR E QUEDEN FÓRA ASPIRANTES CON TITULACIÓN REGLADA SUPERIOR?

É DEFINITIVA E LEGAL, A RESOLUCIÓN ASINADA POR VOSTEDE DE EXCLUÍR A TODOS OS ASPIRANTES QUE ESTABAN PRESENTADOS A PESARES DE QUE PUIDESE HABER ASPIRANTES CON TITULACIÓN SUPERIOR?

22.-PORQUÉ UN VECIÑO, A MODO PARTICULAR E CO SEU CONSENTIMENTO PUIDO MERCAR MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN A NOME DO CONCELLO PARA UNHA OBRA PRIVADA?

23.- XA ESTÁ RESOLTO O PROCEDIMENTO DE RECLAMACIÓN DO TRANSFORMADOR? COMO AFECTA DEFINITIVAMENTE Ó PROXECTO DE ABUÍN? CAL É A DECISIÓN QUE TOMOU RESPECTO DO INICIO DAS OBRAS DESTE VIAL? É CERTO QUE O PROBLEMA É QUE UN DOS AFECTADOS PIDE UNHA FILA MÁIS DE PEDRA NO SEU MURO DE PECHE? NO CASO DA PROPIETARIA QUE SE SENTIU ENGANADA, CHEGOU XA UN ACORDO DE ACTUAR SOBRE OS DOUS LADOS DA SÚA PROPIEDAD? NON VAI A OCUPAR TODA A MARXE DO LADO ESQUERDO QUE CONTEMPLA O PROXECTO NA PROPIEDAD DESTA AFECTADA? MODIFICARÁ ENTÓN O PROXECTO?

25.- A INSTALACIÓN DO ADORNO DE NADAL NA PRAZA DO CONCELLO, VOLVE SER GRAZAS ÓS MESMOS ARTESÁNS E COLABORADORES, E , TAMÉN DE XEITO GRATUÍTO COMO NO CASO DO CORAZÓN?





Concello de Meaño

O Sr. alcalde cédelle a palabra aos membros da Corporación, por orde ascendente de representación dos grupos municipais, para que formulen os seus rogos e preguntas; pasando a formulalas e o Sr. alcalde a repostalas, no seu caso.

E non sendo outro o obxecto desta sesión, polo Sr. presidente dáse por rematada ás 22:27 horas, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente.

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade coa seguinte sinatura dixital:

Formato: VIDEO (WMV)

Nombre archivo:{764F299A-2B9C-4EC0-9EE4-0E892C8514C2}.wmv

SHA512(Firma):

694afffed1e6e039f786f01f7324ba0262599146b8af3ad69a514f00cad95d38ac6f3119fd956840b85ebb233a1543e0cb3fe073e93952e9f05cb48b633ebf84

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

